

## EUTROFIZACIÓN NO ENCORO DE AS CONCHAS CRÓNICA DUNHA MORTE ANUNCIADA

**1998:**

Concello de Sarreaus e a entónces Confederación Hidrográfica do Norte fan **caso omiso das advertencias da SGHN-Delegación de Ourense** de que as macro-granxas industriais proxectadas na chaira de Antela e sometidas a información pública se instalarían nunha zona asolagable cos conseguíntes riscos para a calidade das augas.

**2005:**

A entónces Confederación Hidrográfica do Norte pon en marcha en Ponteliñares (ao final da chaira da Limia) unha estación do Sistema Automático de Información de Calidade das Aguas (rede SAICA), que analiza cada 15 minutos diversos parámetros da auga.

Os datos da estación SAICA indican que durante a metade dos meses do ano (maio a outubro) os niveis de osíxeno disolto son tan baixos que incumpren os valores da Directiva 78/659, de aptitude para a vida dos peixes, tanto para especies salmonícolas (80% das medicións) como para as menos esixentes especies ciprinícolas (50% das medicións).

En canto aos niveis de ortofosfatos (é dicir de fósforo) disolto hay publicacións científicas que indican que valores superiores a 10 microgramos por litro provocan procesos de eutrofización. Pois ben, en 1 de cada 4 meses, os valores medios mensuais de ortofosfatos disoltos rexistrados na estación SAICA de Ponteliñares multiplican por 10 ese valor guía (10 microgramos/litro). Mesmo ten habido algun mes (por exemplo xuño de 2005) no que o valor medio foi 90 veces superior ao valor guía e hai rexistros puntuais con valores entre 300 e 900 veces por enriba dos valores guía!

**30-09-2008:**

Nas alegacións a unha nova granxa de porcino para 2.400 nais en Veiga de Antela (Xinzo de Limia), SGHN advirte a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible que:

- A granxa está proxectada nunha zona asolagable.
- Na chaira limiá hai xa máis de 350 granxas (1,2 por km<sup>2</sup>).
- Dende 2005, en 5 dos 9 concellos da Limia sobrepásase a carga gandeira máxima recomendada pola Unión Europea (2,5 Unidades de Gando Maior por hectárea).
- De acordo cos datos do Sistema Automático de Información de Calidade das Aguas (SAICA), os contidos en nitritos, osíxeno disolto e ortofosfatos indican unha severa contaminación orgánica das augas do río Limia en Ponteliñares, sobre todo no caso dos ortofosfatos con niveis medios ata 90 veces por enriba dos valores recomentados.

**SGHN nunca recibiu resposta a estas alegacións.**

**28-10-2008:**

Nas alegacións a ampliación dunha granxa de porcino en Ganade (Xinzo de Limia), SGHN reitera á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible as advertencias feitas no punto anterior (agás o emprazamento en zona asolagable). **SGHN nunca recibiu resposta a estas alegacións.**

**02-12-2008:**

Nas alegacións a un suposto "Centro Tecnolóxico de Porcino" (realmente unha nova granxa para 7.200 porcos de ceba en Xinzo de Limia), SGHN reitera á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible as advertencias feitas nos puntos anteriores. **SGHN nunca recibiu resposta a estas alegacións.**

**02-12-2008:**

Diante da avalancha de proxectos de novas granxas ou ampliación das existentes, SGHN diríxese á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible reiterando as advertencias feitas nos tres puntos anteriores e salientando:

- O crecemento vertixinoso da gandería estabulada na chaira limiá, pois entre 1989 e 1999 multiplicáronse por 2,4 as Unidades de Gando Maior, UGM, estabuladas sin indicios siquera de estabilización ou moderación na actualidade.
- Que o feito de que unha boa parte, senón a ampla maioría, destas explotacións gandeiras estean vencelladas ou impulsadas polo grupo COREN suxire que iste conglomerado de

- empresas ten un plan definido de intensificación gandeira na chaira da Limia.
- Que dito plan nunca se someteu a avaliación ambiental no seu conxunto, senón que se tramitaron, e estanse a tramitar, solicitudes illadas de novos complexos gandeiros que non contemplan os efectos sinérxicos e acumulativos da concentración de industrias gandeiras na chaira limiá, área moi sensible dende os puntos de vista hidrolóxico, botánico e faunístico.

**SGHN nunca tivo resposta a este escrito** no que solicitaba:

- Unha moratoria no trámite de solicitudes de instalación ou ampliación de explotacións gandeiras establecidas na chaira limiá ata que se avalíen os efectos sinérxicos e acumulativos das xa existentes sobre os valores hidrolóxicos, botánicos e faunísticos da Limia
- Que se escomencen os trámites para ordenar dende un punto de vista ambiental as explotacións gandeiras establecidas na chaira limiá.

**28-09-2009:**

Diante da ausencia de resposta ao escrito anterior, SGHN reitera as súas peticións ao presentar as alegacións á ampliación dunha granxa de porcino en Santa Ana (Sandiás). **Outra vez a calada por resposta.**

**14-12-2009:**

“Alegación múltiple” a tres novas granxas ou ampliación de granxas existentes en Porqueira e Sarreaus na que SGHN reitera a petición de moratoria ata que se avalíen os efectos ambientais sinérxicos e acumulativos das xa existentes. **De novo sen resposta.**